



## **RECOMENDACIÓNS CARA O CURSO ESCOLAR 2009/2010**

*Estas recomendacións están baseadas nas establecidas para os centros educativos e garderías polos organismos de saúde pública, tanto españois como internacionais*

Recoméndase que **non se atrase** o inicio do curso escolar.

A recomendación xeral é que **os centros educativos e garderías permanezan abertos**, durante a epidemia, mesmo cando neles aparezan casos de gripe.

Recoméndase seguir as indicacións para reducir a difusión da enfermidade entre o alumnado e o persoal e buscar consello médico cando a situación o precise.

Estar atentos á actualización das recomendacións por parte das autoridades sanitarias e educativas nas súas páxinas web.

Debe lembrarse a **importancia das medidas básicas de prevención** da gripe (ver o apartado en información para a cidadanía/Como evitar contaxiar e contaxiarse):

- Permanecer na casa se se ten síntomas de gripe.
- Cubrir a boca e o nariz ao tusir ou esberrar.
- Usar panos de papel, preferiblemente, e despois desbotalos axeitadamente.
- Lavar as mans con frecuencia, con auga e xabón. Sempre despois de usar o pano, tusir ou esberrar.
- Airear con frecuencias as aulas e outras estancias.

Máis información: [www.galiciasaude.es/gripe](http://www.galiciasaude.es/gripe)